

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NO CURSO 2019-2020 (CONFINAMIENTO)

Nota informativa.

A situación creada tras a suspensión das clases polo decreto de alarma implica unha modificación dos criterios de avaliación e cualificación que se teñen que adaptar ás normas xeradas polas “Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020 na Comunidade Autónoma de Galicia”. Seguindo estas orientacións o departamento de lingua galega dispón o seguinte:

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA.

Para aprobar o curso é imprescindible aprobar a primeira e segunda avaliación. Polo tanto, a partir de agora colgarase no taboleiro da classroom traballo de **RECUPERACIÓN para quen teña algunha avaliación suspensa.**

Cada avaliación suspensa será avaliada con 4 “traballos” que se subirán ao Classroom como se viña facendo ata agora e que figurarán coa epígrafe RECUPERACIÓN 1ª AVALIACIÓN ou RECUPERACIÓN 2ª AVALIACIÓN. Cada semana subirase unha das tarefas (habitualmente os luns) e unha data de entrega (normalmente unha semana). Valoraranse de 0 a 10 e en cada avaliación farase unha media coas catro actividades (o primeiro boletín subirase o día 11 de maio). Os traballos entregados fóra de prazo terán un desconto de 0,25 puntos por día de atraso. A nota para aprobar a avaliación terá que ser, como mínimo, un 5.

O alumnado con unha avaliación suspensa entregará só os traballos correspondentes á avaliación que non teña aprobada. O alumnado coas dúas avaliacións suspensas terá que entregar os traballos das dúas avaliacións.

Para a realización dos exercicios podedes empregar o libro de texto (1ª avaliación: temas 1, 2 e 3), 2ª avaliación (temas 4, 5 e 6), apuntes e fotocopias entregadas na clase, a internet, e, por suposto, o profesorado da materia pode aclarar calquera dúbida que presentedes.

É importantísimo que vos centredes en recuperar a primeira e segunda avaliación para superar a materia. Se non o conseguides facer en xuño teríades que ir á convocatoria extraordinaria de setembro.

RECUPERACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	VALORACIÓN NA CUALIFICACIÓN
1ª Avaliación	Boletín de exercicios 1	25 %
	Boletín de exercicios 2	25 %
	Boletín de lectura	25 %
	Producións orais (vídeos)	25 %
2ª Avaliación	Boletín de exercicios 1	25 %
	Boletín de exercicios 2	25 %
	Boletín de lectura	25 %
	Producións orais (vídeos)	25 %

Ademais poderás seguir facendo as actividades de ampliación propostas para o terceiro trimestre xa que estas sempre contarán positivamente se están ben realizadas e nunca baixarán a nota das outras avaliacións.

ALUMNADO COAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS APROBADAS

O alumnado que teña as dúas primeiras avaliacións aprobadas terá superado este curso pero debe seguir realizando unha serie de tarefas para seguir consolidando e ampliando os seus coñecementos.

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Ata o mes de abril (incluído) os exercicios e actividades propostos foron de repaso e reforzo sobre as aprendizaxes desenvoltas durante os dous primeiros trimestres do curso. A partir de agora proporanse actividades de reforzo, repaso e ampliación segundo permiten as instrucións do 27 de abril de 2020. A finalidade das actividades de ampliación será a de consolidar determinadas contidos e competencias clave deste curso e completar o mellor posible a formación.

As actividades serán sinxelas e diversas: exercicios de comprensión, tarefas de investigación, resolución de xogos lingüísticos, etc; para resolvelas podedes empregar libros de consulta, dicionarios, internet,... Evidentemente, o profesorado da materia estará á vosa disposición para solventar calquera dúbida que xurda.

Estas tarefas aparecerán colgadas na classroom, baixo o título de AMPLIACIÓN e debes envalas no prazo marcado. Para valorar o voso esforzo, a realización destas actividades será tida en conta sempre positivamente, nunca negativamente; é dicir, poderá valer para mellorar a nota media do curso, nunca para empeoralala (isto é, aínda que te equivoques non che baixará a nota se aprobaches a primeira e segunda avaliación)

CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final obterase dunha media entre a 1ª e a 2ª avaliación. O traballo de reforzo e ampliación do terceiro trimestre valerá para mellorar a nota final ordinaria cando así corresponda pola súa realización. Confiamos na túa responsabilidade para seguir avanzando nos obxectivos educativos propostos

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

No caso de que algunha persoa non consiga aprobar en xuño ao non superar as actividades de recuperación, terá que ir á convocatoria extraordinaria de setembro. Os contidos abranguerán ata a materia impartida ata a suspensión das clases e repasaranse cun boletín que haberá que facer durante o verán (e que serán a base da proba escrita de setembro)

Nesa avaliación obterase a cualificación do seguinte xeito:

AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	VALORACIÓN NA CUALIFICACIÓN
SETEMBRO	Boletín de exercicios (colgarase na classroom)	50%
	Proba escrita (realizárase na data sinalada polo centro; se non se puidese facer a proba presencialmente colgarase ese día na Classroom)	50%

Le atentamente a nota, relea e, se non entendes algo, preguntádelle ao profesorado da materia. É importantísimo que as normas queden CLARAS para que non haxa interpretacións erróneas.